

VII EDICIÓN

PRIMAVERA DO CINE

DO 9 AO 13 DE MAIO

O FESTIVAL

O Festival Primavera do Cine en Vigo é un evento internacional de cine galego e das áreas lusófonas. Ao longo de cinco días se proxectarán curtametraxes, longametraxes e videoclips que non son accesibles a través das canles habituais de distribución.

VII EDICIÓN

O Festival Primavera do Cine en Vigo xurde no 2012 da necesidade de crear novas canles de exhibición para as películas feitas polos profesionais do audiovisual de Galicia.

Deste xeito, estas obras chegan o seu público. Ao longo das súas edicións, o festival viu multiplicada por catro a asistencia de público, ata superar no 2017 os 3000 espectadores. e duplicou o número de obras recibidas, alcanzando as 200.

UN FESTIVAL POPULAR

Outra das achegas deste festival é o recoñecemento do xurado popular. Seis dos oito premios que se conceden son outorgados en base aos votos dos mesmos espectadores que enchen as salas.

Por outra banda, o festival recibe a unha cincuentena de persoas convidadas relacionadas coa produción das obras seleccionadas a concurso.

MÁIS QUE CINE

O festival é máis que un simple acontecemento cinematográfico, sendo as proxeccións de películas o epicentro de numerosos actos paralelos: festas, concertos, exposicións, xornadas de cine infantil, encontros entre público e cineastas, debates sobre a situación do audiovisual en Galicia, ...

A edición de 2018 ampliará a mostra facendo un ciclo adicado ao 'novo cinema' do país invitado, neste caso, Brasil.



O FESTIVAL

EVOLUCIÓN & EXPERIENCIA

A asociación que organiza este festival, Reencanto Producións, está composta por profesionais formados no audiovisual, estudantes e traballadores que coñecen os problemas polos que está a pasar un sector deliberadamente maltratado.

Reencanto Producións é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social.

Reencanto Producións é unha proposta en positivo. É unha organización aberta, participativa e flexible. Cremos na innovación e queremos potenciar as novas propostas.

Reencanto Producións está formado por persoas con ampla experiencia nos sectores cultural e social.

Os nosos ámbitos de traballo son os seguintes:

- Produción audiovisual
- Produción de proxectos artísticos
- Organización e produción de eventos culturais
- Comercialización e distribución de contidos artísticos
- Servizos e xestión cultural
- Formación
- Potenciación de métodos de intercambio de bens e servizos alternativos.

Dende a organización desexamos que este ano siga medrando o número de obras recibidas e de espectadores para converter a cidade nun referente do mapa cinematográfico galego e lusófono.



reencanto
produccións



POR QUE IMPLICARSE

O Festival Primavera do Cine en Vigo busca entidades privadas e públicas comprometidas co apoio e promoción do sector cultural que, coa súa achega, favorezan á celebración e crecemento do festival, á vez que se promocionan.

UN PÚBLICO CRECENTE E DE CALIDADE

Ao longo das seis primeiras edicións do Festival Primavera do Cine en Vigo, o número de espectadores foi duplicándose cada ano, pasando de 564 en 2012 a superar os 3.000 participantes nesta última edición.

O perfil do público do festival, cun alto nivel de concienciación nos seus hábitos de consumo, sabe valorar a achega dun patrocinador a este tipo de eventos que dan vida a cidade: amantes do cine, estudantes nacionais e internacionais, audiencias con interese no cine galego, participantes asiduos en festivais e profesionais da industria mediática e cinematográfica, a produción audiovisual, o deseño ...

AMPLA VISIBILIDADE

Ofrecemos aos nosos patrocinadores unha ampla visibilidade a través dos variados medios de comunicación e múltiples espazos promocionais:

Medios de comunicación:

Televisión, radio, prensa escrita e dixital

Medios impresos do festival:

- Cartelería (mupis na cidade e carteis tamaño 100x70 cm e A3 nas rúas principais, asociacións veciñais, centros cívicos, tendas, bares e restaurantes)
- Programa oficial do festival
- Folleto de man
- Flyer
- Roll-up nas roldas de prensa, nas entradas das salas de proxeccións e nos puntos onde se celebren as actividades paralelas
- Photocall
- Cabeceira de proxección

Medios dixitais do festival:

A web oficial e as redes sociais do festival: Facebook, Twitter, Instagram e YouTube

ACCIÓNS PARALELAS

A organización do Festival levará a cabo accións paralelas ás proxeccións.


Estas accións transcorrerán dende a semana previa ao festival ata o peche do mesmo. Abarcan dende a proxección dos filmes gañadores da última edición ata un circuito multidisciplinar en diferentes espazos da cidade, ademais de puntos de encontro entre directores e actores co público, mesas redondas e master class.



COBERTURA MEDIÁTICA

CADENA
SER

rne

 **COPE**

LOCALIA



VIOZ



TELEVISIÓN DE GALICIA



RADIO GALEGA

FARO DE VIGO

elCorreoGallego

La Voz de Galicia

Atlántico

ABC

ELMUNDO

Tamén cubren o evento

AGAPI, Aldea Gallega, Baiona TV, Caminhos, Coruña Magazine, Croa Magazine, Cultura Galega, Diario Cultural, Diario de Arousa, Dot Magazine, El Ideal Gallego, Eldia.es, En Vigo Sin Parar, Espinho TV, Events Droid, Galicia 10, Galicia Economía Digital, Galicia Hoxe, Hipsterian Circus, Hunger Cultural, La Guía GO!, La Opinión Coruña, Little Vigo, Morrazo Tribuna, Noticias de Vigo, Noticias Galicia, Ocio en Galicia, Pentavox, Plataforma 9, Por Galicia Baixo, Qué Hacer en Vigo, Ticketea, Vigo Al Minuto, Vigo Cultura, Vigo É, Vigo Low Cost, Xornal 21, Xornal.vigo.org.




MODALIDADES DE PATROCINIO


	50	100	250	500	1500	PATROCINADOR OFICIAL 2500
PROGRAMA OFICIAL	 Logotipo pequeno Contraportada	 Logotipo mediano Contraportada	 Logotipo mediano Contraportada + Interior do programa	 Logotipo grande Contraportada + Interior do programa	 Logotipo grande Portada + Contraportada + Media páxina no interior do programa	 Logotipo destacado Portada + Contraportada + Páxina completa no interior do programa
PROGRAMA “DE PETO”	 Logotipo pequeno Contraportada	 Logotipo pequeno Contraportada	 Logotipo mediano Contraportada	 Logotipo grande Contraportada	 Logotipo grande Portada + Contraportada	 Logotipo destacado Portada + Contraportada
FLYER			 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
WEB <i>Todos os logotipos inclúen ligazón á web do patrocinador</i>	 Logotipo pequeno	 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
CARTEIS 100 x 70 cm			 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
CARTEIS A3			 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
ROLL UP			 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
MUPIS	 Logotipo pequeno	 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
PHOTOCALL			 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
CABECEIRA DE PROXECCIÓN			 Logotipo pequeno	 Logotipo mediano	 Logotipo grande	 Logotipo destacado
TRAILER COMERCIAL					 30 segundos	 60 segundos

MODALIDADES DE PATROCINIO

PROGRAMA OFICIAL



CARTEIS



PATROCINIO A MEDIDA

Primavera do Cine pode adaptarse ás necesidades dos nosos patrocinadores en calquera nivel de participación.

Existe a posibilidade de crear paquetes de patrocinio persoalizados.

PATROCINIO DE PREMIOS

O Festival contará cun concurso no que competirán obras nas seguintes categorías:

- Longametraxe
- Curtametraxe
- Videoclip


Existe a posibilidade de patrocinar un ou varios premios cun agasallo 'en especie.

O patrocinador terá dereito ao seguinte:


- A persoa que presente o premio ou premios mencionará o nome do patrocinador e agradecerá publicamente a súa colaboración.
- Dependendo do valor do agasallo, podería estar presente un representante do patrocinador acompañando á persoa que presente o premio.
- En todas as comunicacións e programas oficiais do festival nos que se describa o concurso será mencionado o nome do patrocinador do premio ou premios.
- A efectos de presenza do nome e logotipo do patrocinador nos medios de difusión do festival, o valor de mercado do agasallo determinará a que dá dereito o patrocinio.

EVOLUCIÓN DO FESTIVAL EN CIFRAS


ESPECTADORES



OBRAS RECIBIDAS



OBRAS PROXECTADAS



ACTIVIDADES PARALELAS REALIZADAS NA EDICIÓN DO 2017

- Homenaxe ás XOCIVIGA
- 120 anos de cine en Vigo
- Master Class: Alberto Vázquez
- País invitado Angola. Retrospectiva
- Cine Miúdo (dúas sesións)
- Tarde de Swing
- Festa proxección de videoclips
- Galas de inauguración e entrega de premios do Festival Primavera do Cine
- Presentación do caderno 'Novo Cinema Galego, Identidad y Vanguardia'
- Estrea e presentación do trailer do film 'Vigo 1972'
- Presentación dos proxectos da produtora 'Waka Films'

GRAZAS POLA SÚA ATENCIÓN



Para calquera información adicional ou dúbida, contáctenos

info@primaveradocine.com



WWW.PRIMAVERADOCINE.COM

